

Irene Montero

Unha das sorpresas máis estimulantes da actual temporada literaria galega está protagonizada pola xornalista ferrolá Irene Montero. A súa primeira obra vén de ser editada por Edicións Xerais despois de ter acadado o premio Cidade de Ribeira. Falamos de “Lúa Nova”, un relato estimulante que reflexiona sobre a discapacidade e o xeito en que a sociedade a manexa.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Raquel G. Amarelle

Aí. Levas anos escribindo como xornalista pero esta é a túa primeira novela. Levabas moi dentro esta historia?

IM. Si, estou sensibilizada polo tema da chamada discapacidade e neste caso quixen fabular partindo do caso de alguén próximo. A historia parte de Lúa, unha muller de éxito persoal, cun matrimonio feliz e pianista de éxito pero que é cega. En certo momento xorde a posibilidade de operarse xa que podería ver. Calquera pensaría que a noticia é marabillosa, pero iso a ela lle xera dúbidas e medos, porque vive a súa carencia non como un problema; xa está afeita e non bota nada de menos. Así que o cambio podería afectarlle en moitas cousas e iso provócalle un debate interior.

Aí. A xente pode non comprender as dúbidas de Lúa.

IM. Claro, porque temos unha visión da discapacidade como se fose o que define a unha persoa, e non é así. Precisamente hai dúas cousas que quixen poñer enriba da mesa con esta historia: o uso do propio termo, case todos

nós seríamos discapacitados para por exemplo tocar o piano como o fai Laura, polo tanto a xente é discapacitada nunhas cousas e capacitada noutras.

Tamén tratei de reclamar que a sociedade repense ese concepto que para quen o ten asumido na súa vida xa nin é o primeiro dos seus problemas.

Aí. A historia está baseada en alguén real, Natalia.

IM. Si, eu vivo en Oleiros e hai anos que coñezo a esta nena e a súa nai, compartimos actividades no grupo de baile e gaitas Santaia de Oleiros. Cando coñecín a Natalia tiña 5 anos e nun primeiro momento non me decatara de que estaba cega. Xogaba cos demais como unha máis, aínda que logo me fixei como todos os nenos a coidaban e se preocupaban por ela. E vin que non se limitaba para facer cousas, desde a música á hípica. Claro había detrás un esforzo de superación e de apoio familiar enorme. Unha nena para quen o desexo de ver non era nin a primeira nin a segunda das súas prioridades. A historia da novela parte dunha nena como

esa cando xa é maior e cal sería a súa posible vida.

Aí. Aí fas unha reflexión sobre o papel da familia pero tamén da propia sociedade.

IM. A familia é clave nos apoios, pero tamén a sociedade, as administracións. Como a xente con “discapacidade” pode facer case de todo e iso debe poder saír á luz, porque teñen potencialidades e a sociedade non debería permitirse o luxo de renunciar ás capacidades dos chamados discapacitados.

Aí. E como ves o papel da administración educativa neste terreo.

IM. Hai moito que mellorar. Darei un simple dato: o instituto de Santa Cruz ten uns 600 alumnos e 30 nenos detectados con necesidades educativas especiais. Chegou ter seis profesores de apoio e agora ten un. Se non se inviste pouco hai que facer.

Aí. Teño entendido que a pandemia axudouche a rematar “Lúa Nova”.

IM. Así foi. Entre o traballo, os fillos e mil cousas non tiña tempo para escribir aínda que tivera a historia na cabeza, así



“A SOCIEDADE NON DEBERÍA PERMITIRSE O LUXO DE RENUNCIAR ÁS CAPACIDADES DOS CHAMADOS DISCAPACITADOS”

que o tempo na casa veume moi ben. Unha vez rematei de redactar a historia paseilla á familia de Natalia e lles encantou. Tiñamos claro que había que movela.

AÍ. E aí sopra o vento a favor.

IM. De inmediato. Presenteina a varios premios que tiñan que ser moi determinados porque falamos dunha novela moi curta. Decontado chámanme de Ribeira dicíndome que me deran o premio e que a ía editar Xerais. Tiven que chamar

ao resto dos concursos para retirala!

AÍ. Escribirás a continuación de “Lúa Nova”?

IM. Hai xente moi cariñosa que mo comentou, non o sei. O que si vou facer é seguir escribindo. Con este comezo que só me está a dar alegrías como para non continuar...

AÍ. Regresarás a Ferrol para presentala?

IM. O 1 de xuño estarei en Cantón 4 de Ferrol e o día 17 deste mes na feira do libro en

Narón, onde tamén participarei o 18 nunha mesa redonda.

AÍ. Unha curiosidade final, o teu nome levouches nalgunha ocasión a confusións coa ministra?

IM. Moitas veces. En redes sociais a quen non lle cae ben a ministra de Igualdade o deixa moi claro, e eu case nunca interveño pero ás veces si. Houbo quen se puxo pesado co tempo libre da ministra para escribir novelas e tiven que deixar claro que o libro era meu.